

Cultura

Valentín García inaugura en Vigo o VIII Ciclo de Mesas Redondas 'Escritores/as na Universidade'

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora coa Asociación de Escritores de Lingua Galega nesta iniciativa que ten como obxectivo achegar os universitarios e universitarias aos xéneros narrativo, poético e teatral, da man de autores de referencia da literatura galega actual

Xov, 26/09/2013 - 17:13

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, representada no secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García Gómez, participou esta mañá na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo na mesa inaugural do VIII Ciclo de Mesas Redondas "Escritoras/es na Universidade". A oitava edición desta iniciativa, que leva por título "Unha outra literatura para un outro tempo", conta coa colaboración do departamento que dirixe o conselleiro Xesús Vázquez Abad e ten como finalidade achegar á mocidade universitaria aos xéneros narrativo, poético e teatral, da man de autores de referencia da literatura galega actual.

No acto de apertura, acompañaron o secretario xeral a decana da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (UVigo), María Rosa Pérez Rodríguez; a vogal da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) por Vigo, Rexina Vega, e os escritores Alberto Lema e Samuel Solleiro.

Mesas redondas de poesía, narrativa, teatro e ensaio

O VIII Ciclo de Mesas Redondas "Escritoras/es na Universidade. Unha outra literatura para un outro tempo" desenvolverase ao longo de tres xoves noutras tantas sesións que contarán con cadansúa mesa redonda centrada, respectivamente, na narrativa, na poesía e no teatro. O ciclo deu comezo hoxe cun coloquio arredor da posmodernidade no que participaron Alberto Lema e Samuel Solleiro. A vindeira será o xoves que vén, centrada na poesía, da man de Berta Dávila (gañadora da última edición do Premio de Narrativa Breve Repsol pola peza "O derradeiro libro de Emma Olsen") e de Gonzalo Hermo. A terceira mesa redonda terá lugar o xoves 17 de outubro e nela participarán, para abordar a temática teatral, Antía Otero e Vanesa Sotelo.

Todas as sesións deste ciclo terán lugar ás 12.00 horas no Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo.

Colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, apoia a AELG na realización desta iniciativa. Dentro deste marco de colaboración a Consellería apoia outras actuacións desta Asociación que inciden na difusión das obras dos escritores e escritoras en lingua galega, así como na súa proxección exterior.

Entre as feitas no ano 2013 destacan as visitas de escritores aos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas cos que conta a Rede de Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia en Cáceres e mais en Dublín ou a participación de membros da AELG na X edición do curso de formación continua "As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora", que organizou o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela o pasado mes de xullo.

Departamento: [Secretaría Xeral de Política Lingüística](#)
Tema: [Cultura](#)